

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA.

Artigo 1º. A cota que se establece é a prevista no artigo 96.1 da Lei 39/1988 de 28 de decembro.

Artigo 2º O pago do Imposto acreditarase:

- a) En caso de vehículos xa matriculados ou declarados aptos para matriculación, mediante recibos tributarios.
- b) En caso de primeira adquisición de un vehículo ou cando éstos se reformen, de maneira que se altere a súa clasificación a efectos do presente Imposto, mediante Cartas de Pago.

Artigo 3º.

1.- No caso de primeira adquisición de un vehículo ou cando éstos se reformen de maneira que se altere a súa clasificación a efectos do presente Imposto, os suxeitos pasivos presentarán ante a oficina xestora correspondente, no prazo de trinta días a contar dende a data da adquisición ou reforma, declaración por este imposto segundo modelo aprobado polo Concello ó que se acompañarán a documentación acreditativa da súa compra ou modificación, certificado das súas características técnicas e o Documento Nacional de Identidade ou o Código de Identificación Fiscal do suxeito pasivo.

2.- Pola oficina xestora practicarase a correspondente liquidación normal ou complementaría, que será notificada individualmente aos interesados, con indicación do prazo de ingreso e dos recursos procedentes.

Artigo 4º.

1.- No caso de vehículos xa matriculados ou declarados aptos para a circulación, o pago das cotas anuais do imposto realizaráse dentro do primeiro semestre de cada exercicio.

2.- No suposto regulado na alinea anterior, a recadación das correspondentes cotas realizarase mediante o sistema de padrón anual no que figurarán tódolos vehículos suxeitos ó imposto a que se atopen inscritos no correspondente Rexistro Público, a nome de persoas

ou entidades domiciliadas neste termo municipal.

3.- O padrón ou matrícula do imposto exporáse ó público polo prazo de quince días hábiles, para que os lexítimos interesados poidan examinalo e, no seu caso, formular as reclamacións oportunas. A exposición ó público anúnciase no "Boletín Oficial da Provincia" e producirá os efectos de notificación da liquidación a cada un dos suxeitos pasivos.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA.

As persoas ou entidades que á data de comezo de aplicación do presente imposto gocen de calquera clase de beneficio fiscal no Imposto Municipal sobre Circulación de Vehículos, continuarán no disfrute dos mesmos no imposto citado en primeiro termo ata a data da extinción de ditos beneficios e, no caso de que os mesmos non tiveran termo de disfrute, ata o 31 de decembro de 1992, inclusive.

DISPOSICIÓN FINAL.

A presente Ordenanza fiscal, a cal redacción definitiva foi aprobada polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o doce de outubro de mil novecentos oitenta e nove, entrará en vigor o mesmo día da publicación no Boletín Oficial da Provincia e será de aplicación a partir do día primeiro de xaneiro de mil novecentos noventa, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.